

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APLICACIÓN DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA PARA SEGUNDOS/AS FILLOS/AS E SUCESIVOS/AS NA ESCOLA INFANTIL 0-3 BREGÁN DE TITULARIDADE DESTA ÚLTIMA**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

**REUNIDOS**

Dunha parte, Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social consonte o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), segundo o Decreto 57/2018, do 31 de maio, do seu nomeamento (*Diario Oficial de Galicia* número 106, do 05 de xuño de 2018), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (*Boletín Oficial del Estado* número 307, do 24 de decembro de 2001), e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos





da Universidade de Santiago de Compostela (*Diario Oficial de Galicia* número 29, do 12 de febreiro de 2014).

Todas as partes interveñen no nome e representación das súas respectivas entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante este convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

## EXPOÑEN

1. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e consonte a disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

2. Que este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo o disposto no artigo 6.2; e polo tanto rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse segundo establece o artigo 4.





3. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

4. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do disposto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle a adopción das medidas que garantan un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias, as cales están sendo articuladas a través do Programa de Apoio á Natalidade (PAN). Este programa traballa sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica e ofrece solucións para favorecer que a poboación poida ter o número de fillos/as que desexe, paliando o custo que leva aparelada a crianza e coidado dos fillos e fillas e propiciando un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo.

Na procura destes obxectivos enmárcase a modificación operada a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro de 2019, de medidas fiscais e administrativas, que engade no seu artigo 23.Seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, na que se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos.

O apartado 5 da dita disposición, na nova redacción dada polo artigo 24 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro de 2021, de medidas fiscais e administrativas, establece que a





consellaría competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das administracións Autonómica e municipal, así como as entidades privadas, que sexan titulares ou que xestionen escolas infantís de 0-3 anos, apliquen para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as unha bonificación do 100 % da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa e que entre tales medidas poderá estar a do establecemento de subvencións, sendo nestes casos a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

5. Que a USC , entidade pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, está recoñecida e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social (número de rexistro E1064), como titular da escola infantil 0-3 Breogán, co número de inscrición E1064C001, a cal ten as súas tarifas desagregadas por tipo de gasto e publicadas na súa páxina web, sendo de aplicación os mesmos prezos á totalidade dos nenos e nenas, con independencia do número de orde que ocupen na unidade familiar.

6. Que esta escola infantil cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como na normativa de desenvolvemento.



7. Que, no marco do apartado quinto da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 2.1c), 19.4.c) e 26 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pretendese fomentar unha actividade de interese social a través da formalización do presente convenio coa concesión de forma directa, con carácter excepcional, dunha subvención pública por razóns de interese público e social, para a gratuidade da atención educativa para segundos/as fillos/as e sucesivos na escola infantil Breogán da que é titular a USC. A natureza da entidade determina que non poda acollerse á Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa para segundos fillos ou fillas e sucesivos/as en escolas infantís 0-3, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022.

8. Con base nestas premisas, a fin de establecer un marco de colaboración que permita que todas as familias con nenos e nenas matriculados nunha escola infantil 0-3 de Galicia accedan á bonificación do 100% do prezo da atención educativa relativa a segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar, as partes acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con base nas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.** *Obxecto do convenio*

Constitúe o obxecto deste convenio regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a USC para a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada na escola infantil da titularidade desta última de maio a xullo de 2021 e no curso 2021-2022 a segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar, a través da concesión dunha subvención pública.





## **Segunda.** *Actuación subvencionable*

1. A Consellería de Política Social compensará a aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa relativa a segundos fillos ou fillas e sucesivos/as da unidade familiar na contía do prezo mensual que lle correspondese aboar á familia segundo as tarifas establecidas nas resolucións da Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos da USC de 9 de marzo de 2020 e 29 de marzo de 2021 polas horas de asistencia do neno ou nena ata un máximo de 260 euros/mes por praza a xornada completa, excluído, en todo caso, o mes de vacacións do neno ou nena.

As axudas calcularanse en función das tarifas da escola infantil nos cursos 2020/2021 e 2021/2022, sen superar o tope de 260 euros/mes, e do número de segundos/as e sucesivos/as fillos/as que a USC declare.

Para os efectos do previsto anteriormente, durante todo o período subvencionable a USC emitirá os xustificantes mensuais de pagamento para entregar aos suxeitos obrigados en que conste o número de horas ao día de asistencia e o importe que lle correspondería aboar coa lenda Prezo bonificado 100 %.

Nos supostos en que as axudas non acaden o 100 % do custo por atención educativa, será a cargo da USC a contía da bonificación no que exceda a contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

2. Aos efectos da concesión da subvención, entenderase por atención educativa a actividade realizada dentro da aula en horario ordinario. Así mesmo, entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e mais:





- 1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/a pai/nai, vivan de xeito independente.
- 2º. As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- 3º. As fillas e os fillos maiores de dezaoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.
- 4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano.
- 5º. Os fillos e fillas maiores de dezaoito anos que convivan no domicilio familiar.

#### **Terceira. Orzamento**

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución deste convenio cunha contía de cento setenta e oito mil trescentos sesenta euros (178.360 €), con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.444 dos orzamentos da Consellería de Política Social, correspondendo oitenta e nove mil cento oitenta euros (89.180 €) á anualidade 2021 e oitenta e nove mil cento oitenta euros (89.180 €) á anualidade 2022.

#### **Cuarta. Xustificación e pagamento**

A USC xustificará cada anualidade de xeito independente. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas na anualidade 2021 o 5 de decembro de 2021. A data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas na anualidade 2022 é o 31 de agosto de 2022.





O pagamento da contía referida a cada anualidade farase efectivo unha vez presentada a seguinte documentación :

- a) Certificado, asinado pola persoa representante legal da USC , no que consten o número de prazas ocupadas por segundos fillos ou fillas e sucesivos/as e a contía do prezo que lle corresponde aboar mensualmente ás persoas obrigadas ao seu pagamento.
- b) Certificado de que a USC se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade autónoma.
- c) Unha declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo concepto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

En todo caso, a Consellería de Política Social queda facultada para recabar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido deste convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.

Así mesmo, a USC estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.





#### **Quinta. Compatibilidade con outras axudas**

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A contía da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Sexta. Obrigas**

1. A USC deberá cumprir cos requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para poder ser beneficiaria das axudas, e especificamente, coas seguintes:

- a) Conservar a disposición da Consellería de Política Social a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ter acceso á bonificación do 100% do prezo da atención educativa e os resgardos dos recibos mensuais de pagamento asinados polos suxeitos obrigados emitidos nos termos establecidos na cláusula cuarta.
- b) Ter a disposición da Consellería de Política Social a documentación acreditativa de que todos os nenos e nenas matriculados nas escolas infantís da súa titularidade cumpren o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.
- c) Para os efectos de acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non teñen pendentes de pagamento débedas coa Comunidade autónoma, no momento da sinatura do convenio





deberán achegar unha declaración responsable que recolla os ditos extremos na que se manifesta baixo a súa responsabilidade este cumprimento e que se comprometen a mantelo durante o período de vixencia de convenio.

- d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dar a adecuada publicidade das axudas percibidas a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web.

A USC tamén estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Ademais, está obrigada a lle subministrar á Consellería de Política Social, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I, Transparencia da actividade pública, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, tal como recolle o artigo 4 desta Lei.



### **Sétima. Publicidade do convenio**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **Oitava. Comisión de seguimento.**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas cada unha das entidades participantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por un representante de cada unha delas. A conselleira de Política Social e o reitor magnífico da USC nomearán aos representantes da cada unha das partes e aos seus suplentes, sendo presidida a comisión polo representante da Consellería de Política Social. A secretaría recaerá nun



funcionario de carreira ao servizo da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, nomeado pola conselleira de Política Social, que terá voz pero no voto .

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Novena. Información básica de protección de datos persoais**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.





Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **Décima. Relación por medios electrónicos**

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos.

#### **Décimo primeira. Vixencia do convenio**

Este convenio estará en vigor dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2022, producindo os seus efectos dende o 1 de maio de 2021.





### **Décimo segunda. Natureza xurídica**

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normas de procedente aplicación.

### **Décimo terceira. Resolución do convenio**

Darán lugar á resolución deste convenio as causas que a continuación se relacionan, procedendo de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sendo necesario o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora reportados desde o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro:

- mutuo acordo das partes asinantes
- incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes, cos efectos previstos no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables.

O procedemento de reintegro é o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





**Décimo cuarta. Cuestións litixiosas**

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar e data expresados dixitalmente

A conselleira de Política Social

O reitor da USC

Fabiola García Martínez

Antonio López Díaz

